

Avances e retrocesos no campo da avaliación da educación ambiental: dunha tarefa pendente a unha realidade en marcha

José Gutiérrez Pérez¹ e M^a Teresa Pozo Llorente²

1 Director do Secretariado de Avaliación da Calidade Docente do Vicerreitorado de Planificación, Calidade e Avaliación da Universidade de Granada

1 e 2 Departamento de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Investigación. Universidade de Granada (España)

Introdución

Achamos precedentes afastados ao campo da avaliación en Educación Ambiental remóntanos ás iniciativas do movemento da Institución Libre de Ensino, cando valoraban minuciosamente as dimensións antropométricas dos colonos en función das medidas que se tomaban antes e despois da colonia, desde proxectos educativos inspirados nun transfondo de filantropía, hixienismo e interese polo medio mariño. Tamén as anotacións que desenvolvían os colonos en forma de cadernos de bitácora durante a viaxe e a estada na colonia son o contrapunto dunhas técnicas de recollida de datos da realidade baseadas na observación e na narración cualitativa, xa moi avanzadas desde finais do século XIX. Mais, realmente, os estudos avaliativos no campo da Educación Ambiental propiamente dita non se levan a cabo ata que, baixo o patrocinio da OTAN (Organización do Tratado do Atlántico Norte), se financian en España varios estudos avaliativos orientados a verificar as implicacións dalgúns dos programas desenvolvidos no noso país a mediados dos anos 90. É outro referente de incuestionable valor o documento elaborado para o Congreso de Moscova de 1997, en que diferentes equipos de traballo fixeron achegas moi significativas sobre o estado da Educación Ambiental a partir de avaliacións inspiradas nos censos de equipamentos ambientais, nos catálogos de programas e nas listaxes

de actividades de distinta natureza. Outro documento digno de mención, polo seu impacto como manual de estándares de avaliación en España, é o documento do CEMIDE: Criterios para a avaliación de programas de Educación Ambiental.

O desenvolvemento que tivo a investigación avaliativa, en xeral, en España e, máis concretamente, o seu uso como instrumento aplicado ao campo específico da Educación Ambiental ao longo dos últimos vinte anos foi espectacular. Tal é así que podemos afirmar que a avaliación é, neste momento, un dos campos profesionais con maiores proxeccións e expectativas de futuro dentro das ciencias sociais en xeral, mais tamén se proxecta cada vez con máis naturalidade nos moitos ámbitos da vida cotiá, do funcionamento das organizacións, dos sectores de produción primaria e do mundo dos servizos, dos medios de publicidade e mercadotecnia da sociedade de consumo, do campo da economía, da política, do lecer, do deporte e da medicina. Tamén do medio. A avaliación da sustentabilidade mediante indicadores operativos converteuse nun imposto base das grandes promesas do novo século para soste o desenvolvemento alcanzado ou para equiparar os desequilibrios neste. A avaliación está nas nosas vidas, “avalíate que non engorda”, di o lema dunha marca de manteiga hipocalórica e baixa en graxas que, baixo este lema verde, invita a manter a liña corporal desde o discurso da

ecoloxía. Sería complexo estimar cantas veces nos avaliamos, nos avaliaron ou nos avaliarán na nosa vida?

Xa non só nos recomendan que midamos as nosas constantes vitais para avaliar como andamos de saúde cada certo tempo. Dispoñemos de arsenais para calcular a nosa pegada ecolóxica, o CO₂ que desprendemos nas diferentes actividades cotiás ou a cantidade de metais pesados acumulados no noso organismo, segundo o tipo de dieta, de peixe e marisco, que habitualmente caracteriza os nosos hábitos alimenticios semanais.

Na era da obsesión pola calidade, a avaliación converteuse nunha ferramenta imprescindible para o control, para a rendición de contas e para a mellora e a innovación, no persoal e no institucional. Sen perder de vista o saudable dos procesos de avaliación, non debemos ignorarmos as moitas trampas posibles en que nos podemos ver atrapados ao deixarnos levar pola febre dunha avaliación orientada exclusivamente por modelos de taxación numérica e de medida da excelencia das institucións, das persoas, dos planos e dos programas. Vivimos un momento histórico en que os procesos de certificación, acreditación, homologación e converxencia, que derivan da nosa integración en unidades xeográficas de rango europeo, nos mostran algúns sinais de alarma inéditos que poderían converter o mundo en que vivimos nunha

máquina programada sometida ás tiranías da estandarización e ás regras duns mercados que intimidan a diversidade de iniciativas e de experiencias de cada contexto xeográfico. En definitiva, as avaliacións son saudables en todos os sentidos, mais haberá que gardar unhas distancias prudentes para que non nos escravicen nunha dirección excesivamente tecnocrática e eficientista, que se oriente por principios exclusivos de rendibilidade, de eficacia e de produtividade ambiental á carta, segundo ditan as diferentes ISO - 9000 a 14000- e as diferentes modalidades de recompensas, etiquetas e selos.

A avaliación en Educación Ambiental: concepto, necesidade, finalidades e usos posibles

Entendemos por avaliación toda aquela acción sistemática e continuada encamiñada a recoller información sobre o éxito dun programa, a satisfacción dos visitantes ao faceren unha ruta, a adecuación dos recursos e dos tempos, así como a valoración do papel desempeñado por un monitor ao longo dunha actividade de Educación Ambiental. Evidentemente, os procesos de avaliación póñense en marcha coa idea de emitir un xuízo ou de ditaminar un veredicto sobre

a calidade dun proceso e co obxecto de tomar as oportunas medidas correctoras que permitan corrixir os erros e adoptar os cambios pertinentes. Por iso, un proceso de avaliación pode conducir a eliminar un programa nunha administración ambiental, nun equipamento ambiental ou nun espazo natural protexido; ou ben a substituílo por outro ou a incorporar as oportunas melloras e cambios.

A necesidade da avaliación

Se a avaliación nunca seríamos conscientes de se alcanzamos os obxectivos que nos propoñiamos, se os visitantes cubriron as súas expectativas, se a nosa actuación como monitor foi satisfactoria... A necesidade de pór en marcha procesos de avaliación sistemática para garantir o bo funcionamento dos programas de visitas responde a un interese expreso por parte do mediador, do axente, do profesor ou do educador ambiental, ou ben por parte da institución a que pertencen (unha empresa prestamista de servizos, un membro da administración...), de obter información, de exercer un certo nivel de control sobre o desenvolvemento do programa e de tomar as correspondentes medidas de cambio, innovación ou mellora. Por iso, a avaliación non é un proceso terminal que se realiza ao final do desenvolvemento dunha visita ou dun programa de traballo

no espazo protexido, a avaliación debe ser unha tarefa sistemática e continuada, que se debe pór en marcha desde o comezo, antes, mesmo, de executar a visita ou de desenvolver o programa de traballo.

Existe unha razón fundamental para iniciarmos os procesos de avaliación das actividades e programas, dos planos e das políticas ambientais, baseada na enorme potencialidade que encerra a avaliación como instrumento de mellora e de innovación da propia práctica. Posto que, se non avaliamos, non sabemos o que acontece, nin os efectos que provoca unha determinada actuación, un programa, unha innovación, un plano ou unha iniciativa política.


As finalidades da avaliación

En termos xerais, podemos destacar como finalidades básicas da avaliación as seguintes:

1. A avaliación como unha *estratexia informativa* sobre algunha das dimensións do programa, da actividade ou do plano de uso público do espazo protexido.
2. A avaliación como un proceso de *valoración interna* ou de *control externo*

de cara ao control do cumprimento duns mínimos, ou ben de cara ao seu recoñecemento e á súa lexitimación polo seu bo funcionamento como plano de uso modélico que debe manter os seus obxectivos nesa dirección.

3. A avaliación como unha *estratexia de toma de decisións de mellora, innovación e cambio* dentro do propio programa, da actividade ou do plano de uso público do espazo protexido (Cadro 1).



Cadro 1

Os posibles usos da avaliación

Ademais destas grandes opcións e dos posibles usos da avaliación, tamén podemos achar outros usos máis específicos dos procesos de avaliación, baseados en


recollidas de datos sistemáticas ao longo do tempo, tales como (Cadro 2):

- a) PROPORCIONAR información continua e actualizada, quer aos responsables da institución, quer aos patrocinadores directos do programa, así como aos usuarios e aos axentes implicados neste
- b) RESPONDER a cuestións tales como ata que punto as actividades do programa seguen o ritmo axeitado, están adaptadas á idade dos participantes, se desenvolven tal e como se planificaran inicialmente, ou se fai uso dos recursos dispoñibles do xeito máis eficaz posible
- c) MODIFICAR ou RECONDUCCIR o plano de traballo inicialmente consensuado e atender sobre a marcha as demandas xurdidas no proceso
- d) VERIFICAR a rendibilidade, a eficacia e a aceptación das innovacións postas en marcha

- e) COMPROBAR se os obxectivos formulados se alcanzaron
- f) CONSTATAR se as expectativas dos usuarios se cumpriron
- g) VALORAR en que medida o funcionamento xeral das instalacións e das estruturas organizativas pode ser mellorado e enriquecido a partir da reflexión sistemática sobre a práctica

As implicacións formativas e os requisitos prácticos da actividade avaliadora

A avaliación xoga un papel importante como elemento motivador e estratexia formativa de todos os axentes implicados. Canto á súa función motivadora, contribúe a que todas as persoas implicadas nese proxecto sexan conscientes dos avances e dos progresos alcanzados, converténdose



Cadro 2

nun importante estímulo para seguir cara a diante marcándose novas metas e intervencións para suplir as deficiencias e os erros cometidos con anterioridade. Canto á súa función formativa, non cabe dúbida que os procesos avaliativos, favorecen a autocrítica e contribúen á reflexión colectiva, dado que requiren dun alto nivel de sistematización e toma de conciencia dos límites e das posibilidades de cada plano de traballo. Neste sentido, a avaliación cumpre as funcións dunha investigación na acción preocupada pola mellora, polo cambio, pola innovación e pola autoformación.

Unha avaliación formulada desde este enfoque constitúe un proceso sistemático e rigoroso, guiado pola periodicidade na recollida de datos, a constancia na súa análise e a disciplina na revisión, na análise e na interpretación compartida dos significados e das tendencias manifestas nos datos e nas informacións que achegan os diferentes axentes. Por tanto, a avaliación é unha ferramenta útil que contribúe á formación na práctica diaria do monitor e dos demais axentes implicados, á corrección das deficiencias detectadas nunha ruta ou á ampliación das fronteiras de intervención, ao incorporar novos elementos, novas estratexias, novos recursos...

Unha boa avaliación será aquela que cumpra unha serie de requisitos e de condicións básicas que lle dan

credibilidade e confianza e que nos permiten fiarnos dos seus resultados. Mais isto non sempre é así, xa que, nalgúns ocasións, tamén facemos trampas coa avaliación, cando empregamos resultados que foron manipulados e cambiados, ou ben cando utilizamos datos pouco fiables simplemente porque nos veñen ben para xustificar intencións ocultas e intereses concretos.

Para que a avaliación poida ser empregada como unha **FERRAMENTA ÚTIL, CIENTÍFICA e RIGOROSA**, debe cumprir, polo menos, os seguintes requisitos (Cadro 3):

- **Ser fiable**, é dicir, estar baseada nunha recollida e nunha análise de datos orientada por unhas recomendacións técnicas e científicas de que nos poidamos fiar.
- **Ser viable**, é dicir, que se poida levar a cabo con certa facilidade, empregando técnicas que non sexan



Cadro 3

demasiado sofisticadas de analizar e complicadas de contestar.

- **Ser práctica** e estar orientada á toma de decisións, é dicir, estar encamiñada a xerar resultados que sexan útiles e que sirvan para a mellora real do programa ou das actividades que se están a avaliar.
- **Ter validez**, é dicir, que cos instrumentos empregados se recolla realmente unha información relevante e útil, de acordo co que se quere avaliar.
- Permitir **deseñar actuacións futuras** que contribúan á innovación e ao cambio.
- Na medida do posible, debe **ser participativa**, é dicir, debe implicar o maior número posible de axentes persoais: xa sexa patrocinadores, xestores, executores, usuarios directos, persoas próximas do ámbito local, movementos asociativos...

En termos xerais, coa avaliación adóitase dar resposta a cuestións como: a pertinencia, a idoneidade, a efectividade e a eficacia do programa, do plano ou das actividades desenvolvidas.

- 1) A respecto da PERTINENCIA, a avaliación dínos se esa actividade é adecuada ou non, se o tempo que se dedica a ela é óptimo e se se adapta aos requirimentos dos visitantes.
- 2) A respecto da IDONEIDADE, a avaliación infórmanos sobre se

a metodoloxía é coherente cos obxectivos perseguidos, así como se desenvolveron as tarefas máis adecuadas para conseguir as metas propostas.

- 3) A respecto da EFECTIVIDADE, a avaliación demóstranos se se conseguiron os obxectivos ou non, e ata que grao.
- 4) A respecto da EFICACIA, a avaliación pon de manifesto o impacto alcanzado con ese programa ou co conxunto de actividades e o grao de optimización dos recursos humanos e materiais.

A avaliación débese formular como algo máis que a entrega duns simples cuestionarios ou dunhas enquisas aos destinatarios do programa, e convértese nun procedemento que favorece e que estimula a reflexión individual e o axuizamento colectivo. Serán, por tanto, instrumentos de avaliación, tamén, as propias reunións do equipo educativo que desenvolve o programa, así como os encontros informais iniciais e finais que o monitor manteña co grupo de destinatarios e cos responsables patrocinadores, antes e despois de desenvolver o programa.

Este modelo de avaliación integrada que inclúe unha fase inicial, de proceso e final, en que se incorporan informacións cuantitativas e cualitativas derivadas de actuacións levadas a cabo, quer polo persoal interno responsable do propio programa, quer polo persoal externo,

esixen o uso hibridado de técnicas variadas para a recollida de información e a documentación sobre os problemas. Por iso, sería desexable que se conxugasen a observación directa ou espontánea e as entrevistas abertas con instrumentos máis formalizados como os cuestionarios, os informes individuais e colectivos, así como as gravacións en vídeo e ata a información que achegan as fotografías. Un modelo de avaliación integrada completo será aquel que inclúa de forma sistemática todos os ingredientes anteriormente mencionados (Cadro 4):

Estes modelos integrados de valoración e de seguimento sistemáticos apóianse en procedementos de triangulación e de confrontación das informacións obtidas por distintos procedementos. É dicir, poñamos por caso, para ter a certeza de que unha visita de escolares a un espazo protexido foi un éxito, haberá que tomar datos, quer da opinión que teñen os propios escolares,

quer dos comentarios do profesorado acompañante e das observacións realizadas polo propio educador ambiental que actuar de guía nesa visita.

De igual modo, as decisións de cambio que deriven dos procesos avaliativos, sobre calquera dos aspectos considerados no programa de actividades, xurdirán das demandas da propia realidade e dos conflitos e dos intereses que nela se xeren. Por tanto, tan importantes serán os comentarios do profesorado como as opinións do propio alumnado; en calquera caso, os cambios deberán atender os puntos de vista dos diferentes axentes implicados. A triangulación das técnicas ou dos axentes é un procedemento avaliativo que permite obter unha información contrastada desde distintos puntos de vista.

Os estudos encarados baixo a utilización de diferentes técnicas e perspectivas



Cadro 4


nos procesos de análise e de recollida de datos, poñen de manifesto a riqueza de información e a complementariedade de visións que se poden obter no uso sistemático de instrumentos e de perspectivas diferenciadas. Réalzase a idea de que a selectividade inherente a calquera instrumento ou enfoque dado á observación dos procesos, as condutas e os acontecementos, está amplamente complementada e automaticamente enriquecida coa variación sistemática das técnicas. A comprensión dos fenómenos con técnicas adicionais cualitativas, á vez que investigacións cualitativas poden aforrar tempo e recursos cando se complementan con análises cuantitativas en momentos oportunos.

O seguinte cadro resume abreviadamente os procesos de triangulación, de contraste de opinións e de comparacións para describir unha realidade desde diferentes puntos de vista (Cadro 5):

Os elementos persoais implicados, neste caso na recollida de información, son varios axentes dos que participan no programa, os que actúan de descritores dos acontecementos. A xeito de avaliadores participantes no contexto, emiten xuízos e descricións persoais sobre as súas visións subxectivas dos procesos e das circunstancias envolventes.

Os focos de atención e os centros de interese da avaliación

Afortunadamente, os procesos de avaliación viéronse incorporando progresivamente á práctica habitual dos proxectos de Educación Ambiental, se ben, ao noso modo de ver, fíxose un uso abusivo de técnicas baseadas en cuestionarios, relegando a un segundo plano instrumentos doutra



Cadro 5

natureza como observacións, técnicas grupais, narracións... A necesidade de considerar a avaliación como unha parte integrante dos modelos de traballo educativo das estruturas de planificación, de organización e de funcionamento xorde, en boa media, como unha resposta inmediata ás demandas e ás necesidades de orde eminentemente práctica encamiñadas a detectar en que medida se dá resposta a estas catro preguntas:

- 1) alcanzáronse os obxectivos formulados?
- 2) cubriron as súas expectativas os usuarios?
- 3) pode mellorarse a formación do persoal que atende o público?
- 4) o funcionamento xeral das instalacións e das estruturas organizativas pode ser mellorado e enriquecido a partir da reflexión sistemática sobre a práctica?

Por iso, entre os posibles focos de atención da avaliación, podemos destacar os seguintes:

1. *Cumprimento de obxectivos, organización, funcionamento e calidade xeral do programa*

INDICADORES AO RESPECTO:

- Clarificación de obxectivos
- Diferenciación da metodoloxía
- Especificación dos contidos, das actividades e das tarefas que cómpre desenvolver
- Adecuación das técnicas de avaliación

2. *Satisfacción dos usuarios*

INDICADORES AO RESPECTO:

- Adecuación de tempo
- Atención das demandas e das peticións
- Adecuación á idade e á tipoloxía das persoas visitantes

3. *Calidade do equipo educativo*

INDICADORES AO RESPECTO:

- Cualificación profesional
- Variedade e heteroxeneidade na formación dos educadores
- Tradición de traballo en equipo
- Estabilidade na repartición das competencias
- Proxección na comunidade local
- Participación en accións coordinadas con outros equipos e institucións

4. *Calidade nas infraestruturas, rutas, recursos e instalacións*

INDICADORES AO RESPECTO:

- Espazos e rutas dispoñibles no espazo natural
- Dotación de recursos e grao de sinalización
- Condicións de seguridade
- Enclave e distribución das rutas
- Centros de interese ecolóxico e variedade de ecosistemas
- Dispoñibilidade de recursos complementarios de tipo etnográfico, arquitectónico, histórico, arqueolóxico...

O papel que debe cubrir a avaliación nestes ámbitos constitúe unha peza chave para cubrir as tres finalidades que mencionamos na epígrafe primeira: ofrecer información, exercer un control de calidade e favorecer a toma de decisións de mellora en cada un dos ámbitos correspondentes.

Segundo o momento en que se realice: inicial, continua e final

Partindo da idea de que a avaliación comeza desde o mesmo momento en que se empeza a planificar e a deseñar un plano de actuación, a programación dunha visita ou o programa de actividades, podemos distinguir diferentes tipos de avaliación, en función do momento en que se poña en marcha e dos aspectos concretos ou dos indicadores específicos que intente valorar. Distinguimos tres momentos esenciais na práctica avaliativa (Cadro 6):

Os modelos de avaliación máis comunmente empregados, ata hai moi pouco, eran modelos terminais, que soamente empregaban as estratexias de avaliación ao final da posta en marcha

dos programas. Hoxe resulta impensable desenvolver un programa de visitas ou un plano de actuacións dentro dun espazo natural que non integre propostas de avaliación sistemáticas ao longo de todo o proceso de deseño, de planificación e de execución das actuacións en forma de avaliación inicial, de proceso e final.

1) AVALIACIÓN INICIAL, DE NECESIDADES, DEMANDAS E INTERESES

Constitúe a primeira fase dun plano de avaliación e ten por obxecto establecer os mecanismos de recollida de información que permitan axustar as ofertas que se fan desde o espazo protexido coas demandas, as necesidades e os intereses dos seus potenciais usuarios. Mediante unha avaliación inicial ben formulada poderemos definir máis claramente cales son os obxectivos do programa que hai que desenvolver e o seu grao de adecuación aos requirimentos do que a sociedade demanda a ese espazo protexido.

Toda avaliación inicial debe considerar informacións múltiples recollidas por diferentes procedementos que permitan a documentación máis exhaustiva que for posible: desde enquisas específicas a datos



Cadro 6

de tipo estatístico de censos de visitantes, documentos oficiais, indicadores sociais, datos demográficos e documentos de arquivo dispoñibles no espazo protexido. Nesta fase, non necesariamente se adoitan empregar técnicas e instrumentos que non foron expresamente xerados, nin deseñados para a avaliación, un feito que significa que as necesidades deben ser inferidas a través da información dispoñible. Non se trata tanto de producir nova información, como de aproveitar e de interpretar a información xa dispoñible.


Dentro da avaliación inicial, podemos distinguir tres fases: a) fase de recoñecemento, b) fase de diagnóstico e c) fase de toma de decisións (Cadro 7).

a) **Fase de recoñecemento de demandas.** O seu propósito é identificar as situacións que permitan seleccionar e deseñar as fontes de información, deseñar as técnicas de recollida de datos e asignar responsabilidades a un grupo encargado de asumir os compromisos desta etapa.

- b) **Fase de diagnóstico de discrepancias.** Cuxo propósito é identificar a situación actual, definir a situación desexable a que se aspira, analizar as discrepancias e as súas causas, determinar as demandas dos visitantes e comparalas coas ofertas do espazo protexido para establecer os axustes correspondentes.
- c) **Fase de toma de decisións e de establecemento de obxectivos.** Require dunha priorización das necesidades detectadas e a procura de solucións viables para o deseño de obxectivos e de planos de acción realistas.

2) AVALIACIÓN DE PROCESO E DE SEGUIMIENTO

Tamén denominada avaliación formativa, de seguimento ou de proceso, é aquela recollida de información que se realiza durante o curso do desenvolvemento do programa ou do plano de actividades, e ten por obxectivo principal a mellora e o perfeccionamento das actuacións executadas. Este tipo de avaliación require (Cadro 8):



Cadro 7

Cadro 8



- o establecemento do tipo de información -en forma de indicadores- que se desexa recoller
- a elaboración dun sistema de catalogación, clasificación e organización de toda a información recollida
- a realización dunha análise periódica da información para avaliar o esforzo realizado, a produtividade das diferentes actividades, o interese que esperta nos usuarios...

3) AVALIACIÓN FINAL DE RESULTADOS E IMPACTO


Aspira a determinar o grao en que o programa e as actividades alcanzaron os obxectivos previstos. Por tanto, nela trátanse as cuestións da avaliación da efectividade e da eficacia dos planos previstos. Tamén se considera, con frecuencia, unha avaliación sumativa das consecuencias do programa. Con ela respóndese a cuestións tan básicas como: estanse a conseguir os resultados perseguidos? estes resultados son

consecuencia do plano de actividades e dos cambios e das innovacións introducidas?

A avaliación de impacto é tamén unha parte da avaliación final ou de resultados, mais refírese especialmente aos efectos que o programa de uso público do parque pode xerar a medio e a longo prazo na poboación a que están dirixidas as actuacións, conxuntamente coa valoración do grao de optimización dos medios e dos recursos postos en xogo.

a) Segundo os axentes que a leven a cabo: avaliación interna e externa

Outro xeito de ver a avaliación consiste en adoptar o punto de vista de quen realiza a avaliación e, para iso, diferénciase entre a avaliación interna, ou desde dentro, fronte á avaliación externa, ou desde fóra.




A avaliación interna non é, nin máis nin menos, que o conxunto das decisións que toma o equipo de traballo dun determinado espazo protexido para a recollida de datos e para a valoración de determinados aspectos sobre a organización, o funcionamento, as demandas ou a satisfacción dos usuarios.

Cada vez máis nos ámbitos sociais e educativos, estanse a implantar os procedementos de auditoría e de avaliación externa dos programas, das institucións e dos planos, co fin de establecer unhas valoracións consistentes desde fóra do contexto, levadas a cabo por expertos que non pertencen ao propio grupo interno que desenvolve o programa, e que, por tanto, teñen perspectivas máis obxectivas que permiten enriquecer o que desde dentro non se analiza como un problema.

b) Segundo o tipo de datos que se recollan: avaliación cuantitativa e cualitativa

Tamén é frecuente reducir os tipos de avaliación a dous, en función do tipo de datos que recollan. Distinguimos entón entre a avaliación cuantitativa e a avaliación cualitativa. Nuns casos, empregáranse datos numéricos, que permitirán construír descrições estatísticas das preferencias dos usuarios e das consecuencias das actuacións e das intervencións, mais noutros casos, as informacións recollidas da realidade serán opinións, observacións,

anécdotas... cuxa consideración será tanto ou máis relevante que os propios números para podermos construír unha visión integradora do que acontece en cada fase do programa que se desenvolve.



Avances destacables, alarmas significativas e retos na avaliación no campo da Educación Ambiental

- Hai unha expansión importante do uso das técnicas de avaliación no campo da EA, que se liga a unha xeneralización dos procedementos que se usan e a unha globalización e un mimetismo nos hábitos avaliadores.
- Hai un incremento progresivo do número de programas con sistemas de avaliación incorporados de forma sistemática. A razón fundamental é a esixencia de democratización da sociedade en que vivimos, as presións desde a xestión do público baixo principios de transparencia, así como os impulsos, os estímulo e as presións que desde o sector privado se foron xerando nos últimos anos.

- A experiencia acumulada na posta a punto de avaliacións de distinta natureza e con distintas finalidades é unha realidade irreversible nas nosas prácticas. Quen non fai ningún tipo de avaliación? Quen non profesa ningún tipo de avaliación na súa práctica diaria? A avaliación forma parte das nosas prácticas profesionais e é unha competencia digna de consideración.
- A avaliación deixou de ser un terreo vedado aos expertos para se abrir paso a unha etapa de popularización e de democratización das ferramentas avaliadoras, se ben demanda, cada vez máis, no sector unha formación máis cualificada en ferramentas de distinta natureza, cuantitativa e cualitativa, que permita atender con rigor os problemas que se crean ao usar determinadas técnicas, que requiren unha formación específica para a súa utilización.
- Progresivamente, habituámonos ás avaliacións, produciuse unha maior naturalización, unha normalización e unha familiarización coas técnicas da entrevista, das enquisas, dos grupos de discusión e doutros procedementos que nos eran estraños ou nos incomodaban, aínda que quedan pendentes algúns retos que permitan desburocratizar os procesos de avaliación, deseñar estratexias operativas de procesamento e de interpretación, así como un uso real que non leve a recollidas rutineiras de datos que logo non se interpretan e non se valoran.
- Dunha avaliación artesanal, de andar pola casa, para saír do paso ou moi local, pasouse ao uso de modelos e de instrumentos de avaliación máis sofisticados, complexos e normalizados. Aínda que nos queda moito que avanzar no campo dos estándares e na procura de instrumentos comparables e comúns. Posiblemente o colectivo non o admita polas súas características intrínsecas, posiblemente as presións do mercado obriguen a certificar os produtos e tamén os programas e os centros. Talvez os profesionais deban acreditarse debidamente en axencias para o caso. O que acontecerá dentro dunha década ninguén o sabe, mais, indubidablemente, temos dado pasos que son irreversibles, a cultura da avaliación que construímos non se vai perder.
- Hai un avance progresivo na profesionalización das avaliacións, así como na dispoñibilidade de expertos, empresas, grupos investigación e entidades cualificadas para desenvolveren avaliacións no noso ámbito, que permiten desenvolver estudos, diagnósticos e análises da situación nun breve tempo. O que nos deixa dúbidas é o sentido da utilidade e a rendibilidade que se obtén destes esforzos, pois na maior parte das ocasións non hai toma de decisións asociada a esas avaliacións.

- Dunhas avaliacións de primeira xeración, moi concretas e limitadas, pasamos a unha avaliación máis pensada e orientada cara a unhas metas de maior alcance, xa non só interesa se o programa funciona ou non, ademais interesa en que medida ese programa, xunto a moitos outros, está a contribuír a elevar o rango de determinados indicadores globais que, á súa vez, contribuirán a elevar os niveis de sustentabilidade.
- Os sistemas de indicadores cuantitativos produciron interesantes froitos, especialmente todos os avances que desde o mundo da econometría, desde diferentes modelos e medidas, conseguiron visualizar os procesos e establecer as referencias sobre os avances, os retrocesos e a magnitude dos cambios sociais e ambientais.
- A avaliación sistemática, estruturada e reincidente, xunto co despegue da investigación no campo, está a contribuír ao avance na construción de modelos, teorías, explicacións e metodoloxías que van ao fondo das cousas e botan fundamentos para tomar decisións non caprichosas.
- Non existe unha perspectiva única sobre a que fundamentar as decisións avaliadoras, tras as avaliacións hai modelos que non son inocentes. Cada campo foi xerando os seus propios modelos, as súas propias prácticas. Non é o mesmo acollerse a modelos que se fundamentan nas avaliacións do político que as que se inspiran na xestión sanitaria, o campo da mercadotecnia, do deporte e da intervención social. Tampouco son as mesmas as que derivan dos ámbitos ambientais que contemplan e que integran variables e dimensións do mundo do social e do ambiental.
- Queda pendente desenvolver uns sistemas de seguimento dos programas, das políticas e das iniciativas ambientais dotados de indicadores cualitativos que ofrezan unha visión máis comprensiva da realidade.
- Existe unha ausencia notable de estudos lonxitudinais e de desenvolvemento evolutivo de fenómenos complexos (sociais, de participación, de cambios...). É certo que os testemuños e as referencias que achegan os ecobarómetros son un paso importante, mais os enfoques que os soportan e os métodos en que se sustentan aprecian soamente detalles moi concretos dos procesos, deixando fóra moitas outras dimensións máis complexas que non se axustan a modelos de medida e de cuantificación matemática.
- Constátase unha dificultade intrínseca de perda de singularidade coa estandarización dos programas e coa formalización dos modelos e dos procedementos de xestión para o uso.
- Hai unha resistencia importante a implantar uns usos saudables das avaliacións que dan lugar a unha

obsolescencia dos programas e das súas estruturas de coordinación que é difícil de superar.

- Existe unha saturación de ofertas superficiais e ausencias de control corporativo.
- Cómpre máis control público sobre as decisións ambientais nos diversos ámbitos da xestión e da administración desde a óptica de instrumentos dinámicos inspirados en principios de democracia, transparencias e publicidade.
- É necesaria a desburocratización dos procesos e dos instrumentos de recollida de datos nas avaliacións. A xente cánsase e a información que se recolle non sempre é analizada.
- Rexístrase un abuso excesivo e xeneralizado de cuestionarios, de sondaxes de opinión e de actividades estritamente descritivas
- Existen bloqueos derivados da competencia entre as institucións e os organismos de diferentes niveis de intervención na realidade.
- As avaliacións de planos estratéxicos de Educación Ambiental formulan algunhas alarmas destacables.
- A avaliación dos planos, dos programas e das accións nos diferentes niveis de intervención.
- Sería desexable levar a cabo máis traballo colectivo e unha maior coordinación de iniciativas, programas, accións, instrumentos e reivindicacións do sector, que se fundamenten en estudos avaliativos específicos.
- Cómpre unha profesionalización do colectivo desde as limitacións que impón a fragmentación dos sectores, dos gremios, das culturas, das linguas e a diversidade de intereses no persoal e no profesional.
- É necesaria unha formación máis cualificada no campo da avaliación e da investigación.
- Necesítase unha procura de referentes de comparación comúns respectuosos coa diversidade e un deseño de estratexias de seguimento, control e mellora.
- Son precisos uns mellores instrumentos de intercambio de información e de difusión de experiencias que atendan a divulgación de resultados de avaliación de forma sistemática.
- Cómpre unha maior rendibilidade dos instrumentos e dos recursos existentes.
- É necesario articular uns procedementos de avaliación institucional interna e externa coordinados. Os procesos de avaliación orientados á mellora e á innovación son un instrumento de mobilización das organizacións. Os presupostos de fondo, os modelos e os formatos varían segundo as opcións e as modalidades mais, no fondo, as finalidades son as mesmas.

Bibliografía

- AZOFRA, M. J. (1999). Cuestionarios. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- BENAYAS, J. (1991). Paisaje y Educación Ambiental. Evaluación de cambios de actitudes hacia el entorno. Madrid. Dirección General de Política Ambiental.
- BENAYAS, J. (1996). Sugerencias para la evaluación de programas de Educación Ambiental. Ponencia a las Segundas Jornadas de Educación Ambiental de Castilla y León.
- BENAYAS, J. (1998). Evaluación de la eficiencia de diferentes campañas de sensibilización social sobre temas ambientales tomando como referencia a la administración y a colectivos sociales, en *L'educació ambiental a l'escolar, al treball i al carrer*. Mallorca: Sa nostra, papers de medi ambient.
- CALVO, S. y GUTIÉRREZ, J. (2006). El espejismo de la educación ambiental. Madrid: Morata.
- CASANOVA, A. (1995). Manual de evaluación educativa. Madrid: La Muralla.
- DE ALBA, A. y GAUDIANO, E. (1997). Evaluación de Programas de Educación Ambiental. Experiencias en América Latina y el Caribe. México: Universidad Nacional Autónoma de México.
- FERNÁNDEZ, R. (1995). Evaluación de programas sociales y educativos. Madrid: Síntesis.
- GARCÍA, J. M. (1989). Bases pedagógicas de la evaluación. Guía práctica para educadores. Madrid: Síntesis.
- GUTIÉRREZ, J. (1995). Evaluación de la calidad educativa de los Equipamientos Ambientales. Madrid: Dirección General de Política Ambiental.
- GUTIÉRREZ, J., PERALES, J., BENAYAS, J. y CALVO, S. (1997). Líneas de investigación en educación ambiental. Granada: Universidad de Granada.
- GUTIÉRREZ, J. (2000). El educador ambiental. Dificultades gremiales y retos profesionales. *Revista de la Sociedad Catalana de Educación Ambiental* nº 19.
- GUTIÉRREZ, J., BENAYAS, J., POZO, M.T. (1999). Modelos de calidad y prácticas evaluativas predominantes en los Equipamientos de educación ambiental. *Revista Mexicana Tópicos en Educación Ambiental* 1 (2), pp. 49-64.
- GUTIÉRREZ, J. y POZO, M^a T. (2005). Stultifera Navis: institutional tensions, conceptual chaos, and professional uncertainty at the beginning of the Decade of Education for Sustainable Development. *Policy Futures in Education* 3 (3), pp. 296-308. http://www.worlds.co.uk/pdf/viewpdf.asp?j=pfie&vol=3&issue=3&year=2005&article=7_Gutiérrez-Pérez_PFIE_3_3_web&id=150.214.32.110
- HERRERA, M. M. (1998). El desarrollo de procesos de acción socioeducativa desde la perspectiva de la animación sociocultural. Universidad de Sevilla.
- MARCEN, C. (1996). El río vivido. Propuestas didácticas de Educación Ambiental. Ministerio de Educación y Ciencia.
- MEIRA, P. A. (2001). La investigación en Educación Ambiental y las Nuevas Tecnologías de la Información y la Comunicación *Revista Teoría de la Educación. Nuevas Tecnologías en la Sociedad del Conocimiento* Vol. 2 (2). <http://www3.usal.es/~teoriaeducacion/DEFAULT.htm>.
- PÉREZ DE CAMPANERO, M. P. (1991). Cómo detectar las necesidades de intervención socioeducativa. Madrid: Narcea.
- ROSALLES, C. (1989). Evaluar es reflexionar sobre la práctica. Madrid: Narcea.
- STUFFLEBEAN, D. L. y SHINKINFELD, A. J. (1987). Evaluación sistemática. Guía teórica y práctica. Barcelona: Paidós.